

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*RESOLUCIÓN do 2 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novos centros docentes á Rede de centros plurilingües de Galicia para o curso 2018/19.*

Co obxecto de estender o programa de plurilingüismo a novos centros na educación primaria e na educación secundaria obrigatoria, para o curso 2018/19, esta Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa resolve anunciar:

Primeiro. Que na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)) estará dispoñible a regulación e convocatoria de incorporación de centros para participar no programa de ensinanzas plurilingües na educación primaria e na educación secundaria obrigatoria para o curso 2018/19.

Segundo. Que o prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de abril de 2018 e a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Que os centros que desexen impartir o programa de plurilingüismo deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación a que se accede no enlace: <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2018

Manuel Corredoira López  
Director xeral de Educación, Formación Profesional  
e Innovación Educativa

